

## **Circular informativa para o curso 2022/2023.**

Prezadas compañeiras,

Prezados compañeiros,

Neste curso 2022-2023, imos manter o modelo iniciado no curso pasado, co que pretendemos enfocar as preguntas relativas aos bloques de “Lingua e sociedade” (bloque 4) e “Educación Literaria” (bloque 5) dun xeito máis práctico e menos memorístico. Canto ao grao de opcionalidade, en principio, tamén se mantén, polo que seguiremos contando cun exame co esquema 4 de 6.

Como puidestes comprobar, tamén aplicamos lixeiros cambios nos criterios de corrección lingüística, que, de novo, continuarán neste curso. Cómpre aclarar que, nas próximas convocatorias, nas preguntas 4, 5 e 6, seremos máis estritos canto á súa extensión e adecuación ao solicitado. A proposta de “250 palabras aproximadamente” segue sendo flexible, pero si penalizaremos respostas simplemente teóricas e demasiado longas (por exemplo o dobre do indicado) ou demasiado breves (por exemplo 100 ou 150 palabras).

Ante calquera dúbida, podedes poñervos en contacto comigo a través do enderezo de correo electrónico: [anaiglesias@uvigo.es](mailto:anaiglesias@uvigo.es).

Un cordial saúdo.

Ourense, 28 de setembro de 2022.

Asdo.: Ana Iglesias Álvarez.

Directora do Grupo de traballo da ABAU de Lingua galega e literatura.